



BANDO

O Concello da Pontenova informa:

O venres día 29 de xaneiro de 2021 foi publicado no DOG a Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas. Nesta Lei establece, entre outros aspectos, unha nova exención no canon da auga e coeficiente de vertedura dirixida a paliar os efectos da Covid-19 en determinados sectores.

CRITERIOS DE ACTUACIÓN PARA APLICAR A EXENCIÓN NO CANON DA AUGA E COEFICIENTE DE VERDEDURA DIRIXIDA A PALIAR OS EFECTOS DA COVID-19 EN DETERMINADOS SECTORES ESTABLECIDA NA LEI 4/2021, DO 28 DE XANEIRO, DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS.

Destinatarios da exención

Os abonados aos que vai dirixida dita exención son os seguintes:

- a) Establecementos de restauración: restaurantes, salóns de banquetes, cafetarías e bares.
- b) Os seguintes establecementos de lecer e entretemento: salas de festas, discotecas, pubs, cafés espectáculo e furanchos.
- c) Hoteis e aloxamentos turísticos. Neste grupo considéranse incluídos os balnearios
- d) Albergues turísticos.


Aos efectos de identificar aos contribuíntes posibles destinatarios desta exención será o propio contribuínte o que, xunto coa solicitude (Modelo AU231C), deberá presentar unha declaración responsable na que manifestará, baixo a súa responsabilidade, que o establecemento é algún dos indicados anteriormente.

Período de vixencia da exención

De acordo co indicado na Lei a exención ten efectos nos períodos de facturación afectados polo período comprendido entre o 5 de novembro de 2020 e a data en que se levante a declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, sen prexuízo das obrigas de regularización dos importes previamente facturados onde a obriga se manterá mentres non se teñan regularizados os importes.

Por conseguinte, a título de exemplo, nos supostos de facturación bimestral o primeiro período de exención (de cumprirse os requisitos) será o sexto bimestre de 2020 por ser o primeiro período de facturación afectado por dita declaración de emerxencia sanitaria. Nunha facturación trimestral sería o cuarto trimestre, nunha cuadrimestral o terceiro cuadrimestre, etc.

Neste senso, debe sinalarse que de cumprirse os requisitos para a exención, a exención afectará a todo o período de facturación.





Requisitos para obter a exención

Para obter a exención a Lei establece que se deben cumprir dous requisitos:

- Requisito subxectivo: Pertencer a algún dos establecementos indicados anteriormente no apartado “destinatarios da exención”.

- Requisito obxectivo: Que visen diminuída significativamente a súa actividade durante o período de aplicación da exención. A tal efecto, a propia Lei ven a definir cando se entende producida esa diminución significativa de actividade, diferenciándose dous supostos en función de se ao abonado se lle factura en función de contadores ou non.

o Naqueles abonados que dispoñan de contador o cumprimento do requisitos vai valorarse de xeito automático en función da comparación do período que se pretende facturar co período de facturación inmediato anterior ao 5 de novembro de 2020.

o Naqueles abonados que non dispoñan de contador o cumprimento dos requisitos debe realizarse tamén por comparación dun indicador (distinto ao consumo de auga) que poña de manifesto esa diminución significativa de actividade entre o período que se pretende facturar e o período de facturación inmediato anterior ao 5 de novembro de 2020. Neste senso, a propia Lei establece cales son os indicadores que deben ser considerados para dita acreditación:

- rexistros de aloxamentos
- servizos efectivamente realizados
- consumo eléctrico

Procedemento a seguir para obter a exención

- Os contribuíntes do canon da auga e/ou coeficiente de vertedura pertencentes a algunha das actividades beneficiarias poderán solicitar a exención mediante o modelo aprobado ao efecto (Modelo AU231C de Exención no canon da auga e coeficiente de vertedura) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), podendo presentar dita solicitude tanto ante Augas de Galicia como ante a propia entidade subministradora.
- Os solicitantes deberán acreditar pertencer a algunha das actividades beneficiarias da exención para o cal deberán asinar a declaración responsable contida na propio modelo de solicitude.
- Unha vez presentada a solicitude, e acreditada mediante a declaración responsable a pertenza a algunha das actividades beneficiarias da exención (requisito subxectivo), a entidade subministradora comprobará o cumprimento do requisito (obxectivo) da diminución de, polo menos, o 75% no consumo de auga entre o período a facturar e consumo do período de facturación inmediato anterior ao 5 de novembro de 2020 e, en caso de cumprirse tal requisito, e sen necesidade de comunicación previa por parte de Augas de Galicia, a entidade subministradora virá obrigada a non repercutir o canon da auga e, no seu caso, o coeficiente de vertedura en dita facturación.





Por conseguinte, nestes casos a comprobación por parte da entidade subministradora do requisito subxectivo debe limitarse a comprobar que na declaración o solicitante marca a declaración responsable e que asina a solicitude. Unha vez constatado isto, cabe entender ao solicitante como posible beneficiario da exención, debendo a continuación a entidade subministradora comprobar a diminución do volume subministrado nos termos indicados.


- No caso de que a solicitude sexa presentada ante Augas de Galicia será este Ente o que comprobe a acreditación do requisito subxectivo e, en caso afirmativo, procederá a comunicalo á entidade subministradora aos efectos de que proceda de acordo co indicado no punto anterior de cara a constatar a diminución no volume subministrado, agás que o contribuínte se abasteza exclusivamente de captacións propias en cuxo caso será Augas de Galicia a que comprobará o cumprimento do citado requisito obxectivo e quen, no seu caso, non liquidará o cuadrimestre correspondente.

- Se a solicitude fose presentada unha vez a entidade subministradora xa repercutiu períodos de facturación nos que lle sexa de aplicación a presente exención, esta virá obrigada a comprobar se neses períodos xa repercutidos se constatou que o volume subministrado se reduciu na porcentaxe establecida e, en caso afirmativo, deberá proceder a regularizar os importes repercutidos na seguinte ou seguintes facturacións que lle realicen a dito abonado na que xa non proceda a exención, ben sexa porque non cumpre os requisitos obxectivos, ben sexa polo cese da vixencia da exención. De igual modo, no suposto de captacións propias, será Augas de Galicia a que procederá, no seu caso, a practicar as regularizacións que proceda sobre os importes liquidados.

- No suposto de contribuíntes que non dispoñan de contador de auga, a acreditación da diminución significativa de actividade por algún dos factores que establece a Lei (rexistros de aloxamentos, servizos efectivamente realizados ou consumo eléctrico) deberá realizarse polo contribuínte mediante a declaración responsable incluída no propio modelo de solicitude. Esta declaración responsable e, por conseguinte, esta solicitude debe ser presentada para cada período de facturación onde o contribuínte considere que cumpre os requisitos de diminución significativa de actividade.

Este suposto só será de aplicación naquelas entidades subministradoras que non dispoñan de contador ou, que dispoñendo del, a facturación non a realicen en función das lecturas nel practicadas, así como no suposto de contribuíntes que se abastecen de captacións propias. Así mesmo este sistema tamén será de aplicación naqueles abonados que, non dispoñendo de abastecemento municipal, si veñan obrigadas ao pagamento do coeficiente de vertedura por verter a unha depuradora xestionada por Augas de Galicia.

Nestes casos, a comprobación da entidade subministradora debe limitarse a revisar que o solicitante marca, ademais da declaración responsable relativa a pertencer a algún dos establecementos beneficiarios, a de diminución significativa de actividade, de xeito que se ámbalas dúas veñen marcadas e a solicitude asinada, será beneficiario da exención para o período que solicita. Neste senso, para cada período de facturación o solicitante debe presentar esta solicitude.





CONCELLO DA PONTENOVA

C.I.F. P-2704800 H – N.R.E.L. 01270484

No caso de que nestes supostos a solicitude sexa presentada ante Augas de Galicia será este Ente o que comprobe a acreditación dos requisitos subxectivos e obxectivos e, en caso afirmativo, procederá a comunicalo á entidade subministradora, con indicación do período de facturación ao que se corresponda, aos efectos de que proceda a non repercutir o canon da auga e, no seu caso, o coeficiente de vertedura no citado período, agás que o contribuínte se abasteza exclusivamente de captacións propias, en cuxo caso será Augas de Galicia quen, no seu caso, non liquidará o cuadrimestre correspondente.

- As entidades subministradoras que reciban a solicitude de exención deberán dar traslado de dita solicitude a Augas de Galicia no prazo de 15 días naturais desde a súa presentación. Xunto co traslado as citadas entidades deberán informar das solicitudes onde considerou acreditado mediante a declaración responsable o cumprimento do requisito subxectivo e, no caso do suposto indicado no punto anterior, tamén do requisito obxectivo, sen prexuízo de que, unha vez recibida a solicitude en Augas de Galicia e, en virtude das comprobacións que poida levar a cabo este Ente, se constate a inexactitude, falsidade ou omisión da declaración responsable, en cuxo caso procederá a comunicalo á entidade subministradora aos efectos de que, no seu caso, cese na aplicación da exención, así como para que informe dos importes non facturados. Así mesmo, naquelas solicitudes que deban ser subsanadas, será Augas de Galicia a que procederá á emitir o correspondente requirimento de subsanación para, unha vez subsanada, proceder do mesmo xeito que o indicando anteriormente para as solicitudes presentadas directamente ante Augas de Galicia.

Na Pontenova, a 1 de marzo de 2021

O Alcalde – Presidente

Asdo.: Dario Campos Conde

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE



Cod. Validación: AXXEGX6FJW5KR2MAESXLMTCQM | Corrección: <https://concellospontenova.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4